

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE XUÑO DE 2016.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López (PP)

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro (PP)

D. Manuel Angel Meitín Rouco (PP)

D^a M^a Rosario Balseiro López (PP)

D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao (BNG)

Secretario Acctal.:

D. Pablo Sánchez Lage

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a.M^a Luísa Pernas Quelle (BNG)

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as trece horas e trinta minutos do día trinta de xuño de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario Acctal. D. Pablo Sánchez Lage, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 10/2016 POR UN IMPORTE DE 360.000'00 € APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía obrante no expediente, relativa ó asunto

do epígrafe:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

Vista a Providencia de Alcaldía de data 20 de xuño pola que se ordea a incoación de expediente de modificación de créditos ao amparo da Disposición Adicional Sexta do RDL 2/2004, de 5 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Réxime Local.

Visto o informe emitido pola Interventora Municipal da mesma data no que se examina o cumprimento dos requisitos previos para poder tramitar o expediente.

Visto o proxecto básico e de execución de campo de fútbol de herba artificial e vestiarios do que se desprende que o importe de dito investimento ascende a un total de 607.841,98 EUROS.

Visto o certificado emitido polo Secretario da Deputación Provincial de Lugo e o Informe emitido pola Interventora da mesma Deputación nos que se recolle o acordo do Concello Pleno de 29 de marzo de conceder ao Concello de Xove unha axuda por importe de 250.000,00 euros para a promoción e o fomento do deporte.

Vista a Memoria subscrita por esta Alcaldía na que se recolle o investimento que se pretende realizar, a partida orzamentaria de aplicación e o importe.

Visto o Informe emitido con data 21 de xuño pola Interventora Municipal no que se certifica o cumprimento dos requisitos que deben ter os investimentos a realizar para que podan ser considerados financeiramente sostibles e se informa favorablemente o expediente 10/2016 de modificación de créditos

Pola presente, propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

ÚNICO.- Aprobar inicialmente o expediente nº 10/2016 de modificación de crédito mediante a dotación de Crédito Extraordinario na seguinte partida e para o fin que a continuación se sinala, financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais por importe de TRESCENTOS SESENTA MIL EUROS (360.000,00 €):

<i>Partida</i>	<i>Denominación</i>	<i>Consign. Inic. + aumentos anteriores por proxecto</i>	<i>Aumento</i>	<i>Consignac. Final</i>	<i>Finalidade</i>
933.622	<i>Xestión do patrimonio. Investimento en construcións</i>	0,00	360.000,00	360.000,00	<i>Remodelación integral do campo de fútbol de entreno municipal de Xove. (P. 27/16)</i>
TOTAL			360.000,00		

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explícanse as razóns que motivan o presente expediente de modificación de crédito relativo á Remodelación integral do Campo de Fútbol de Entreno municipal de Xove.

Polo Sr. López López do Grupo Municipal do BNG sinala que o Concello de Xove non é o primeiro senón o último en facer un campo de herba artificial, e que debería de considerarse un plan para este campo con unha remodelación completa, e que non se fai debido á improvisación.

Polo Sr. Alcalde sinalase que antes non resultaba necesario porque non había categorías inferiores, e que agora xogan moitos máis nenos, como os de Fútbol-8 e outras categorías que antes non existían, polo que se fai necesario ter uns campos axeitados para eles. Sinalase que este campo xa foi obxecto de obras importantes sen que isto supuxese custe para o Concello porque foron financiadas pola Xunta de Galicia.

Por parte do Sr. López López do BNG parécelle adecuado que se leven a cabo estas obras, e que se aproveiten as subvencións doutras entidades, pero recalca que no tema do céspede, debería intentarse mellorar con respecto a outros concellos, sendo pioneiros na colocación de céspede híbrido, que supera en prestacións ó artificial que está previsto no proxecto.

O Sr. Alcalde sinala que este material que se vai instalar no campo de fútbol vai ser de última xeración, que leva zahorra e caucho, polo que ten un menor coeficiente de impacto que danará moito menos ós deportistas.

Polo Sr. López López explícase o feito de que o céspede híbrido o cal podería supoñer un maior custe pero suporía un avance importante na instalación deste campo aínda que teña un maior custo en mantemento. **O céspede artificial híbrido** ten un equilibrio entre a rendibilidade e o confort dos deportistas, e deste xeito seríamos pioneiros na Mariña neste equipamento.

Finalmente o Sr. Alcalde sinala que este material que se vai colocar no campo é de calidade superior o dos campos instalados de Viveiro e Burela. Non obstante, sinala que se vai reunir co equipo redactor do proxecto para plantexarlles a cuestión e ver as prestacións que ten o céspede híbrido, así como considerar se fose o caso a introdución como mellora do proxecto, posto que no actualmente redactado xa non hai tempo material para cambialo porque a obra debe realizarse durante o verán, véndonos na obriga de ter que sacar unha licitación por Procedemento Aberto.

Rematado o debate, o concello Pleno co voto favorable dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López; Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Iglesias Guerreiro e Meitin Rouco, e coa abstención dos Sres/Sras. López López, López Hermida e Fernández Louzao, acorda aprobar

inicialmente o expediente de modificación de crédito 10/2016 do Orzamento Municipal de 2016 por importe de 360.000,00 € reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; e sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as catorce horas e cinco minutos da data indicada no encabezamento, levantase a sesión, estendéndose a acta presente de todo o tratado do que eu Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo.: Pablo Sánchez Lage